



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A CASA ESCUELAS PÍAS DE MONFORTE (PP ESCOLAPIOS) PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE RESTAURACIÓN DA CÚPULA DE NOSA SEÑORA DA ANTIGA NO COLEXIO DO CARDEAL DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO).

Monforte de Lemos,

REUNIDOS

Dunha parte, don José Carlos López Campos, actuando en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu cargo de conselleiro polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle concede o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, D. Francisco Javier Agudo García (DNI 02088724W), actuando en representación da Casa Escuelas Pías de Monforte (PP Escolapios), Lugo (NIF R2700015G), en virtude da súa condición de representante de la titularidad del Real Colegio Padres Escolapios de Monforte de Lemos, poder outorgado polo Superior Provincial de Escuelas Pías, Provincia Betania en escritura notarial 6.865,

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do “*Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa*”, formalizado polo “Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que





xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia recoñece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: O Colexio de Nosa Señora da Antiga de Monforte de Lemos tamén se coñece como Colexio do Cardeal (polo seu promotor e patrocinador o cardeal don Rodrigo de Castro) e como Colexio dos Pais Escolapios por ser estes os seus últimos ocupantes. Este inmovible está protexido polo seu valor cultural ao ter a consideración de ben de interese cultural (núm. de rexistro BIC.000.749) coa categoría de monumento segundo o Decreto 41/2021 (DOG núm. 049 do 12.03.2021). Tamén está incluído na delimitación do Conxunto Histórico de Monforte de Lemos declarado Ben de Interese Cultural (BIC) polo Decreto 187/2005 e localízase na Ribeira Sacra que foi declarada BIC coa categoría de Paisaxe Cultural polo Decreto 166/2018.

O Colexio de Nosa Señora da Antiga comezouse a finais do século XVI por iniciativa do cardeal de Sevilla Rodrigo de Castro. En 1586 comezou as conversas para a creación do colexio cos xesuítas e as obras comezaron en 1593 co proxecto que redactaron Andrés Ruiz, un xesuíta da escola de Valladolid, e Vermondo Resta o arquitecto do cardeal en Sevilla. O que se executou amosa importantes cambios que se atribúen a Juan de Tolosa, xesuíta, que asume a dirección da obra desde o mesmo ano do seu comezo. Sucedeuno Simón de Monasterio, quen remata a igrexa e comeza o claustro ata a paralización das obras en 1622. Un cambio relevante foi promovido polo propio cardeal que pediu que se ampliara a fachada a ambos os lados durante a visita que fixo a Monforte en 1594, cando a obra xa estaba en marcha. Esta ampliación alterou a traza prevista para a metade situada á dereita da igrexa ao desprazarse toda a fachada lateral á nova aliñación.

Despois de 1620 abordáronse dúas obras importantes. A primeira foi a construción do retablo do altar maior, iniciado en 1625 por Francisco Moure e rematado polo seu fillo do mesmo nome. A segunda foi a construción en 1699 da antiga sancristía, hoxe convertida en museo.

En 1755 o terremoto de Lisboa afectou o edificio e causou importantes danos: moveu a cúpula, desprendeunha ala a dous ancos das pendentes e abriu fendas no arco superior e no muro traseiro do presbiterio. No 1786 reparouse o tambor da cúpula, que ameazaba ruína, e en 1841 fíxose o mesmo coa lanterna. A partir da expulsión dos xesuítas en 1767 e ata a chegada dos Escolapios en 1873, o colexio foi centro educativo de distinta categoría, desvinculado das ordes relixiosas. Sufriu o saqueo das tropas francesas en 1809 e un importante incendio en 1824. O edificio puido rematarse no primeiro cuarto do século XX grazas ao descubrimento da autoría, e polo tanto do valor, dun dos cadros da colección do colexio: A Adoración dos Reis, do pintor flamengo Hugo van der Goes. O cadro vendeuse ao goberno alemán por unha importante suma que permitiu rematar as obras.

A organización da planta parte dun esquema simétrico. A igrexa sitúase no eixe e divide o edificio en dúas zonas, cada unha delas organizada arredor dun claustro. A da dereita proxectouse como casa para a comunidade de xesuítas que rexeron o colexio na súa orixe. A da esquerda, para a parte docente, as escolas.

A igrexa é de planta de cruz latina, co brazo do cruceiro curto, contido na dimensión do corpo principal, responde ao tipo de igrexa xesuítica. Destaca polas súas dimensións, unidade de estilo e riqueza construtiva. Ten unha nave central e dúas laterais formadas por capelas comunicadas entre si. O presbiterio é de planta rectangular e está presidido polo retablo de Francisco de Moure



e flanqueado por dous arcosolios. No do Evanxeo sitúase a estatua orante do fundador, un bronce de Juan de Bolonia (nome co que se coñece en España a Jean de Boulogne, Giambologna). Dúas torres-campanario simétricas dispóñense a ambos os lados do presbiterio. A nave e o presbiterio, de 18 metros de altura, cóbrense con bóvedas de canón con casetóns de cantarí e lunetos capialzados. Sobre o cruceiro elévase unha cúpula trasdosada semiesférica de 10 metros de diámetro, con pendentes, tambor, lanterna e pequena cúpula, a única cúpula trasdosada con todos os seus elementos de Galicia. Aos pés da nave dispónse o coro sobre unha bóveda de canón moi rebaixada. A igrexa está decorada con piastras corintias sobre as que se asenta un entaboamento que recorre todo o seu perímetro. Todo o interior é de cantarí agás as paredes e bóvedas das capelas laterais, recibadas e pintadas.

Sexto: Na actualidade hai importantes filtracións na igrexa que afectan tanto ao uso da visita cultural como ao culto e están relacionadas cos seguintes danos detectados:

- o exterior da cúpula ten as xuntas con morteiro de cemento ou pintura de clorocaucho (materiais inadecuados e que xa non funcionan)
- condensacións no tambor na zona baixo cuberta e brazos do cruceiro
- colonización biolóxica e sucidade na cúpula
- entrada de agua pola lanterna
- plantas no interior da cúpula (na zona de fiestras)
- arenización da pedra e perda de rexuntado.

Sétimo: A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pretende con esta intervención corrixir a patoloxía detectada na cúpula.

As principais actuacións a levar a cabo de xeito resumido son:

- levantamento fotogramétrico da cúpula así como análise da súa estabilidade e control da deformación
- limpeza da cúpula incluída a eliminación de rexuntado de morteiro de cemento, aplicación de tratamentos funxicida e de eflorescencias así coma posterior rexuntado con morteiro de cal
- consolidación superficial da fábrica de granito, reintegracións, enxertos, ancoraxes e formación de pezas especiais de ser precisos
- execución de novas carpinterías de madeira na cúpula e lanterna así como formación de remates e verteaugas con chapa de zinc.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e a Casa Escuelas Pías de Monforte (PP Escolapios) para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración da cúpulas de Nosa Señora da Antiga no colexio do Cardeal de Monforte de Lemos, (Lugo).**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmobles incluídos no listado de actuacións do presente



convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmobles ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións oportunas para a execución das obras de restauración da Cúpula de Nosa Señora da Antiga no colexio do Cardeal de Monforte de Lemos (Lugo), con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

Terceira.- Obrigas da Casa Escuelas Pías de Monforte (PP Escolapios)

Pola súa banda, a Casa Escuelas Pías de Monforte (PP Escolapios) comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do





convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude,
José Carlos López Campos

O representante Casa Escuelas Pías
(PP Escolapios)
P. Francisco J. Agudo García

